

Enquisa de Poboación Activa. Módulo sobre accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo. Ano 2013

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Enquisa Comunitaria de Forza de Traballo (EFT) é unha enquisa que se realiza de forma coordinada no ámbito de toda a Unión Europea, de acordo co indicado no regulamento 577/98 do Consello relativo á organización dunha enquisa por mostraxe sobre a poboación activa da Comunidade (diario oficial das Comunidades Europeas L-77, do 14 de marzo).

No caso de España, a EFT está incluída na Enquisa de Poboación Activa (EPA). A EPA axustouse a este regulamento a partir do primeiro trimestre de 1999. Neste regulamento indícase que os segundos trimestres de cada ano débese introducir na EFT unha serie de preguntas sobre temas particulares relacionados co mercado laboral, polo que ata 2005 en España realizábase o módulo ad-hoc nestes trimestres, xunto coa EPA.

En 2005 publicouse o regulamento 430/2005 polo que se abría a posibilidade de proporcionar un conxunto de variables chamadas *estruturais*, para unha submostra anual representativa do conxunto do ano. Neste caso, a recollida da información correspondente aos módulos debería facerse, xunto coas variables de submostra, durante todo o ano e para unha sexta parte da mostra.

Por iso, en España, a partir de 2006, o cuestionario do módulo pregúntase ao longo de todo o ano, nas sextas entrevistas que é onde se recolle a información das variables da submostra.

No 2013 investigouse o tema dos *accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo*, de acordo co indicado no Regulamento da Comisión 249/2011 do 14 de marzo de 2011.

As preguntas van dirixidas a todas as persoas de 16 e máis anos que están ocupadas, ou ben, non estándoo, teñen experiencia profesional previa.

O obxectivo do módulo ad-hoc de 2013 é dar resposta ás seguintes preguntas:

- Cantos accidentes que deriven en lesión se producen no traballo?
- Cantas persoas teñen problemas de saúde provocados ou empeorados a causa do seu traballo?
- Cantas persoas están expostas a factores que poidan ter efectos adversos para a súa saúde física ou para o seu benestar mental?

- Que tipo de accidentes, problemas de saúde e factores de risco se producen?
- Cal é o impacto laboral en termos de perda de días ou incapacidade?
- Que persoas se ven afectadas individual e laboralmente en termos de características do mercado laboral?

A información deste módulo non é comparable coa do Ministerio de Empleo y Seguridad Social pois os resultados do módulo baséanse nunha enquisa realizada a un colectivo de persoas mentres que os do Ministerio proceden dunha fonte administrativa.

2. Deseño da enquisa e traballo de campo

O deseño mostral do módulo ad-hoc sobre accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo coincide co da EPA, ao realizarse xunto con ela, para un sexto da mostra trimestral, durante todo o ano. As características máis importantes do mesmo descríbense a continuación.

A EPA é unha enquisa por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral que abrangue todo o territorio nacional, realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE). A partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase, para Galicia, unha mostra adicional (234 seccións) recollida polo Instituto Galego de Estatística utilizando idéntica metodoloxía que o INE, co obxectivo de obter unha maior desagregación.

Está dirixida á poboación que reside nas vivendas familiares principais, é dicir, as vivendas empregadas todo, ou a maior parte do ano como vivenda habitual e permanente. Non interveñen na enquisa os fogares colectivos nin as vivendas secundarias ou de tempada.

Realízase unha mostraxe bietápica estratificada, sendo as seccións censuais as unidades de primeira etapa e as vivendas familiares as de segunda etapa, enquisándose a todas as persoas que residen nas vivendas seleccionadas.

A mostra distribúese no espazo seguindo unha afixación de compromiso entre a proporcional e a uniforme. E distribúese á vez uniformemente ao longo das trece semanas que constitúen cada trimestre.

A mostra de seccións está dividida en 6 submostras, chamadas quendas de rotación e cada trimestre substitúense as vivendas dunha quenda de rotación; deste xeito, cada familia é entrevistada durante seis trimestres consecutivos e é substituída por outra familia da mesma sección ao final dos seis trimestres.

A primeira entrevista é persoal, a segunda e sucesivas son telefónicas, salvo que a familia non dispoña de teléfono ou prefiran a entrevista persoal. Todas as entrevistas realízanse cun ordenador portátil ou de sobremesa.

O traballo de campo deste módulo realizouse entre o 7 de xaneiro de 2013 e o 4 de xaneiro de 2014, correspondendo ao período de referencia do 31 de decembro de 2012 ao 29 de decembro de 2013.